

CURSO: 6º Educación Infantil.

NOME DA ACTIVIDADE: Plantas aromáticas.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE: Sentados en asemblea preséntanse diferentes bolsas cheas de herbas aromáticas. Para comezar, cos ollos pechados, os/as nenos/as pásanse os sacos e descubren cada un dos olores. Despois, dialogamos sobre cales eran máis agradables, cales son familiares e cales sorprendéronos. Finalmente, clasificamos cada una das plantas e as etiquetamos para non confundilas. Pegamos una pequena mostra no libro de actividades.



OBXECTIVOS:

- Coñecer as diferentes utilidades das herbas aromáticas.
- Experimentar co olfacto e distinguir olores.
- Expresar gustos e sensacións.





MATERIAIS E RECURSOS QUE SE PRECISAN PARA LEVALA A CABO:

Ourego, loureiro, romeu e tomiño, bolsas de plástico, papel e lapis e cola.

AVALIACIÓN E VALORACIÓN DA ACTIVIDADE:

A exploración sensorial resulta sempre un reto e focalizar a atención no sentido do olfacto aumenta a súa dificultade. Aínda que moitas das herbas son empregadas polas súas familias na cociña non tiñan moitas

ideas previas sobre as mesmas. Os/as nenos/as disfrutaron construíndo os aprendizaxes e aseguraron empregar os seus descubrimentos a próxima vez que cociñaran cos seus pais e nais.



REXISTRO ACTIVIDADE

CURSO: 6º Educación Infantil.

NOME DA ACTIVIDADE: Unha visita inesperada.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE: cando os/as nenos/as chegaron ás aulas pola mañá atoparon unha visita inesperada: no centro da clase había un espantallo. Xurdiu así unha tormenta de ideas que derivou nunha longa asemblea sobre as hortas.

Fixéronse moitas preguntas, algunhas delas tiñan resposta pero outras esixiron de certa investigación.



OBXECTIVO:

- Introducir o tema “A horta” xerando expectación e interese no alumnado.



MATERIAIS E RECURSOS QUE SE PRECISAN PARA LEVALA A CABO: O Espantallo Camilo.

AVALIACIÓN E VALORACIÓN DA ACTIVIDADE: Os/as nenos/as celebraron con entusiasmo a chegada de Camilo quen acompañounos durante todo o trimestre para supervisar os nosos aprendizaxes sobre a horta. Resultou una actividade de motivación e introdución ao proxecto innovadora e interesante. Os personaxes ficticios poden transformar un

tema calquera nun reto con implicacións emocionais e persoais.





REGISTRO ACTIVIDADE

CURSO: 6º Educación Infantil.

NOME DA ACTIVIDADE: Recuncho dos animais.



DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

Preparación dun espazo destinado á exploración e ó xogo con figuras de animais. Os/as nenos/as contan con tres zonas diferenciadas: o aire, a auga e a terra para colocar cada unha das especies e simular situacións: relacións entre eles, alimentación, o descanso na noite...

OBXECTIVO:

- Comprender cales son as necesidades das diferentes especies de animais e por que precisan de hábitats específicos para a súa supervivencia.
- Coñecer as características dos distintos hábitats.



- Asumir o coidado da Terra como unha responsabilidade colectiva e individual.
- Ampliar de forma lúdica o vocabulario relacionado cos animais.

MATERIAIS E RECURSOS QUE SE PRECISAN PARA LEVALA A CABO: papeis e cartolinas de cores e xoguetes de animais.

AVALIACIÓN E VALORACIÓN DA ACTIVIDADE:

Os/as pequenos/as disfrutan durante o xogo, imaxinan e crean con liberdade, afianzan lazos e crean novas relacións. Esta actividade tivo resultados moi positivos e deu lugar a moitos diálogos sobre o tema.





CURSO: 6º Educación Infantil

NOME DA ACTIVIDADE: Bodegón

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE: Estampación de verduras para a creación dun bodegón.

OBXECTIVO:

- Experimentar a través da técnica de estampación as nosas posibilidades artísticas.

MATERIAIS E RECURSOS QUE SE PRECISAN PARA LEVALA A CABO: leituga, cenorias, patacas, champiñóns, pementos, tomates, pintura de dedos de varias cores, pratos para mesturar, coitelo para cortar.



AVALIACIÓN E VALORACIÓN DA ACTIVIDADE:

Esta actividade resultou moi motivadora e divertida. Despois de traballar a horta e os seus coidados, o oficio do horticultor e materiais que precisa para o mantemento da horta, as partes das plantas e tipos: comestibles, aromáticas, medicinais... fixemos arte con verduras. Levamos diferentes tipos de verduras ó colexio, ulimos, tocamos, comprobamos distintas texturas. ..





REXISTRO ACTIVIDADE

CURSO: 6º Educación Inafntil

NOME DA ACTIVIDADE: “A historia das follas”.

DESCRINCIÓN DA ACTIVIDADE:

Para lembrarnos mellor das follas das árbores, o alumnado inventou historias sobre elas:

“A aciñeira, igual que nos contos de fadas, teñen fama de ter un oído excelente porque a súa contorna ondulada semella ó lóbulo da orella.”

“A árbore do amor debe o seu nome a forma de corazón das súas follas.”

“O bidueiro é coñecido polo seu feroz apetito: a súa folla está adornada co bordo dentado...”

OBXECTIVOS:

- Coñecer o papel que teñen as follas nas plantas.
- Clasificar as follas segundo o seu bordo.
- Favorecer á expresión da linguaxe, a atención, a imaxinación e a curiosidade.
- Promover o respecto cara o medioambiente.





MATERIAIS E RECURSOS QUE SE PRECISAN PARA LEVALA A CABO: Fotografías, TICs, libros e revistas sobre árbores, plantas, caderno para clasificar as follas, mural, Bits de flores e plantas.

AVALIACIÓN E VALORACIÓN DA ACTIVIDADE: Esta actividade resultou moi motivadora xa que o alumnado tiña coñecementos previos acerca das plantas e árbores, e que a súa vez, estivemos a traballar un proxecto sobre a horta.

Investigamos sobre o papel que desenvolven as follas nas plantas, nos arbustos e nas árbores, reparamos nalgunhas características específicas, intentando centrarnos sobretudo nas especies da

nosa contorna, autóctonas de Galicia.

A continuación especificase o desenvolvemento das distintas actividades:

Esta actividade estruturouse en varios momentos:

Detección de coñecementos previos e búsqueda de intereses a través das asembleas.

Búsqueda e achega de información así como pequenas investigacións na aula a través da exploración e a manipulación das follas, mediante xogos, debuxos...

Na época da primavera e o outono somos cada vez máis conscientes dos cambios que se orixinan na paisaxe - a aparición dos novos brotes, a caída das follas, o cambio de tonalidade destas dependendo da época do ano na que nos atopemos... O alumnado profundizou nestas características e achamos a resposta ao interrogante ¿por qué caen as follas das árbores? ¿cales son de folla caduca e cales de folla perenne?



As árbores que conservan as súas follas durante todo o inverno chámanse árbores perennes, e as especies que sofren a caída das súas follas no outono son as árbores de folla caduca, estas últimas sofren fermosos cambios de cor, normalmente xerados polo descenso das temperaturas que están relacionados coa diminución de materias nutritivas nas follas antes da súa caída.



As árbores e os arbustos de folla perene crecen principalmente en rexións máis frías, e incluso en zonas moi cálidas e secas, as súas follas son máis duras e están capacitadas para evitar a perda de auga, capacitando a estas árbores soportar tanto fríos invernales coma sequías estivais e a captar a absorción da auga do chan.

A árbore do amor, follas circulares coa base acorazonada, marxes lisos. As flores son de cor rosa, crecen en racimos

O toxo é un arbusto espinoso e perenne. Ten unhas flores doradas que atraen as abellas. Cando un insecto toca a flor, esta dispara o polen sobre o visitante. As flores aparecen

principalmente en primavera, e tamen a mediados do inverno cando a estación é suave. Como dato curioso antigamente usábase como combustible, e machacado como forraje.

Folla de carballo común.

Os fentos son plantas que brotan de talos subterráneos normalmente en zonas húmidas. Son plantas que non teñen flores que se reproducen pola dispersión de diminutas esporas, en lugar de sementes. Estas plantas exténdense rapidamente polo chan. Este fento é dunha fraga. Son plantas moi antigas, como os dinosaurios. As súas follas son triangulares.



O musgo son plantas pequenas que non forman raíces verdadeiras, teñen finos talos con follas pequenas que normalmente forman alfombras sobre o chan.


Os líques son plantas moi resistentes que poden sobrevivir nalgúns dos lugares máis cálidos e fríos da terra. Os seus corpos están formados por fíos. Son duros, secos. O líquen da fotografía ten forma de barba, na natureza forma grupos enmarañados sobre troncos e ramas de árbores. Son moi abundantes en Galicia polo clima húmido.

A familia dos piñeiros ten máis de 300 especies. Forman fragas, a esta familia pertencen abetos, cedros,...Case todas estas árbores son perenes.

O noso querido salgueiro, refuxio dos goguis, plántase moito como árbore ornamental nos parques e xardíns así como nas beiras dos ríos. A súa copa é ancha, as súas ramas son curvas e levan brotes longos e amarelos que colgan cara abaixo. As súas follas son estreitas e puntiagudas, de cor verde pálido por un lado e branquiazuis polo outro. A familia dos salgueiros, ao que pertencen máis de 300 especies de árbores e arbustos son caducifolias. Como curiosidade, os amentos dos salgueiros producen néctar e son polinizados, en parte, polos insectos. O seu froito é seco, tipo cápsula e ábrese para liberar as sementes.



Uso das TICs, xogos.



Reparamos nas accións que poden ser perxudiciadas para a natureza: facer barbacoas pode levar a risco de incendio, tirar lixo en zonas onde hai vexetación pode levar a risco de incendio e repercute negativamente na flora e na vida dos animais, cando grabamos mensaxes nos troncos das árbores éstas experimentar dor. Tamen falamos da figura do inxeñeiro medioambiental.



REXISTRO DA ACTIVIDADE.

CURSO: 6º Educación Infantil.

NOME DA ACTIVIDADE: “ Coñecemos o traballo do Horticultor”

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:



Durante parte dunha bonita xornada escolar os nenos e nenas da Clase dos Golfinhos, e a súa mestra Puri do colexio Liceo la Paz , acompañamos o noso horticultor preferido, José Antonio. Con él aprendemos moitas cousas, a parte de plantar os pementos e as leitugas axudámoslle a coidalos. Primeiro escoitamos a explicación que nos fixo José Antonio de como tiñamos que facer. Logo nos, os Golfinhos, axudámoslle a cavar a terra, sacerlle as malas herbas para que as leitugas e os pementos medraran.





Tamén axudámoslle a regar os pementos e as leitugas para que non lle faltara auga para medrar.

OBXETIVOS:

- escoitar cando unha persoa fala
- Esperar turno para preguntar.
- Aprender que as hortalizas necesitan auga para medrar.
- Aprender a coller os pementos da horta para fritir.
- Aprender a coller as leitugas da horta para facer ensalada.
- Hábitos de limpeza o acabar o traballo.
- Valorar os traballos do horticultor.
- Etc..



MATERIAIS E RECURSOS QUE SE PRECISAN PARA LEVAR A CABO:

- Horta.
- Sacho.
- Rastrillo
- Pala.
- Regadeira
- Auga.
- Planta de pemento.
- Planta de leituga.
- Etc...

AVALIACIÓN E VALORACIÓN DA ACTIVIDADE:

Esta actividade foi moi enriquecedora para os nenos e nenas, pois moitos deles nunca viran unha horta.

Algúns nos sabían de onde viñan os pementos nin as leitugas, o primeiro que dicían era que viñan do supermercado.

Foi unha xornada diferente o resto, nela aprendemos vocabulario novo que nos ensinou José Antonio.

Tamén tivemos que esperar turno a hora de axudarlle o horticultor.

Tamén aprendemos hábitos de hixiene o acabar a xornada.




Considero que foi unha actividade moi positiva, pois o estar en contacto coa natureza, a parte de todo o que aprendemos disfrutamos de unha gran variedade de cores naturais, tamén disfrutamos dos Sol.



CURSO: 6º Educación Infantil.

NOME DA ACTIVIDADE: Conto: “Os Golfiños viaxan a Santiago”



DESCRIPCIÓN:

Nesta actividade os niños/as da aula de 6B de Educación Infantil van inventando un conto sobre unha viaxe que os Goldiños fan a Santiago. O primeiro neno que leva o conto empezao, os seguintes escriben a hutoria e o último fai o desenlace do conto, acabaio.

Este conto vai sobre dous Golfiños que estaban chegando a Santiago , encontraron a un amigo, Pulpín, fixeronse amigos e continuaron o Camiño polo río ata chagar a Santiago..... pasaronlle moitas cousas, pero non sempre todo lle foi ben. O final conseguiron acadar a sua meta, chegar a Catedral de Santiago.



OBXETIVOS:

- Fomentamos a creatividade dos nenos/as.
- Iniciación a letura e a escritura.

- Aprender a continuar historias.
- Traballar en equipo, continuando o traballo do compañeiro.
- Estimulara a linguaxe a hora de ler o conto.

MATERIAIS E RECURSOS QUE SE PRECISAN PARA LEVAR A CAVO:

- Carpeta.
- Folios de cores con pauta.
- Lápicos para escribir.
- Lápicos de cores.
- Rotuladores.
- Distintos materiais para decorar as ilustracións.



AVALIACIÓN E VALORACIÓN DA ACTIVIDADE.

A realización desta actividade foi moi positiva, os nenos e nenas disfrutaron moito escribindo e facendo as ilustracións do conto, e tamén condo o leron na aula diante dos seus compañeiros.

Aprenderon tamén a respetar o traballo dos demais, e valoraron moito o importante que é saber leer e escribir.



REXISTRO ACTIVIDADE

CURSO: 6º Educación Infantil

NOME DA ACTIVIDADE: Plantamos berzas

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE: Ao longo do segundo trimestre os nenos e nenas de educación infantil levamos a cabo o proxecto da horta. Durante o mesmo levamos a cabo diferentes actividades relacionadas con este tema, entre elas a de plantar berzas na pequena horta que temos na escola. Para isto



fixemos diferentes equipos e cada un encargouse dunha cousa: uns de plantar as sementes, outros de botar e remover a terra, outros de botar auga na regadeira e outros de regar. As seguintes semanas visitábamnos a horta para ver a evolución da nosa plantación.

OBXETIVO: Algúns dos obxetivos que pretendía lograr con esta actividade son:

- Fomentar o contacto coa natureza a través da horta.
- Aprender a coidar e respetar a natureza.
- Coñecer o proceso de crecemento das plantas (neste caso berzas).
- Favorecer a cooperación mediante unha actividade que implica traballo en equipo.
- Aprender a respetar os turnos.

MATERIAIS E RECURSOS QUE SE PRECISAN PARA LEVALA A CABO:

Os materiais que precisamos para levar a cabo esta actividade son as sementes, unha pala e un anciño, terra, auga, unha regadeira e unha maceta.

AVALIACIÓN E VALORACIÓN DA ACTIVIDADE:

Considero que esta actividade resultou moi enriquecedora

para os nenos e nenas da nosa escola. A horta é un recurso didáctico moi útil para tódolos centros educativos, pero aínda máis para un centro urbán onde a maioría dos seus alumnos son deste entorno, e ter un horto axuda a conectalos coa natureza e acercalos ao mundo rural. A través desta actividade os nenos e



nenas coñeceron mellor o desenvolvemento da horta e o crecemento das plantas, xa que foron eles mesmos os protagonistas da súa propia plantación.




REXISTRO ACTIVIDADE

CURSO: 6º Educación Infantil

NOME DA ACTIVIDADE: Conto: O Camiño de Santiago


DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE: A finalidade desta actividade é que os nenos

e nenas, en pequenos grupos, escriban un conto relacionado coa temática do Camiño de Santiago. Para iso facemos unha pequena posta en común onde cada un di o que coñece do tema. Despois facemos unha investigación coa axuda dunha tablet para coñecer as diferentes rutas, os símbolos máis importantes do Camiño e as razóns que levan a moitas persoas a realizar unha perenigraxe. Despois escriben o conto “O oso Bruno viaxa a Santiago”. Cada neno ten que esperar o seu turno e, cando lle toca, ler o que escribiu o seu compañeiro para poder continuar o conto. Cando o rematan o lemos todos xuntos na aula e facemos un breve debate final sobre él.




OBXETIVO: Algúns dos obxetivos que se pretenden lograr con esta actividade son:

- Identificar no mapa as diferentes rutas do Camiño de Santiago.
- Recoñecer símbolos característicos do Camiño.
- Comprender por qué as persoas realizan unha perenigraxe.
- Fomentar a creatividade e imaxinación dos nenos e nenas.
- Coñecer a estrutura dun conto: introducción, desenvolvemento e desenlace.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Aprender a respetar os turnos.



MATERIAIS E RECURSOS QUE SE PRECISAN PARA LEVALA A CABO: Os materiais que precisamos para esta actividade son unha carpeta, folios, lápices, cores e unha tablet ou ordenador.

AVALIACIÓN E VALORACIÓN DA ACTIVIDADE: Con esta actividade os nenos e nenas aprenderon máis acerca do Camiño de Santiago, o cal é moi importante na nosa cultura. Ademais, a creatividade e imaxinación son aspectos relevantes nesta actividade ao facerse a través dun conto, así como o traballo en equipo.



REXISTRO DE ACTIVIDADES

CURSO: 6º Educación Infantil

NOME DA ACTIVIDADE: OS CULTIVOS DO CAMIÑO

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

Investigamos os cultivos que se traballan nas diferentes vilas polas que discurre o camiño De Santiago . O camiño Inglés.



OBXECTIVO: A través das imaxes que traen os compañeiros á aula, investigamos os diferentes cultivos de cada zona. Averiguamos xuntos por qué nunca zona dañe unos cultivos e outros non. Que características precisan cada un deles...

MATERIALES E RECURSOS QUE SE PRECISAN PARA LEVALA A CABO:

Fotografías e información que aportan os alumnos.

AVALIACIÓN E VALORACIÓN DA ACTIVIDADE:

A actividade foi mío interesante para os nenos. Cumpriuse o noso obxectivo de descubrir o entorno cercano a eles. Moitos deles, investigaron a través do ordenador con axuda das familias, e outros, acercáronse ó entorno durante a fin de semana para investigar directamente sobre o terreo.

A actividade, realizámola antes de preparar a nosa horta, e serviunos tamén para decidir os cultivos que iamos traballar na nosa horta.



REGISTRO ACTIVIDADE

CURSO: 6º Educación Infantil Infantil

NOME DA ACTIVIDADE: A nosa horta

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:



Decidimos plantar: tomates, fabas e sementes de níspero que trouxo unha compañeira á aula.

Investigamos as necesidades de cada planta tanto de luz, como de terra, como de auga.

Repartimos responsabilidades, e semillamos os nosos cultivos.

OBXECTIVO:

Distinguir os diferentes tipos de cultivos, as súas propias necesidades, e asumir a responsabilidade de coidar.

Plantamos na aula a nosa propia horta. Despois de descubrir os diferentes cultivos da nosa terra, seleccionamos os que queríamos plantar.



MATERIALES E RECURSOS QUE SE PRECISAN PARA LEVALA A CABO:

- Sustrato
- Macetas
- Sementes
- Ferramentas xardinería

EVALUACIÓN E VALORACIÓN DA ACTIVIDADE:

Os nenos adquiriron responsabilidade cos cultivos. Descubriron as necesidades dos cultivos, aprenderon dos erros que cometimos nos coidados....

É unha actividade que se continúa levando a cabo a día de hoxe , xa que mantemos os cultivos na aula.